

## O proxecto

### *Recuperar o legado educativo da emigración*

Rescatar e valorar a memoria e os testemuños da acción solidaria e altruísta dos nosos emigrantes é unha das tarefas do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega (CCG).

No ano 2008 o Consello da Cultura Galega e a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, continuando coa cooperación no seu labor de recuperación e difusión do patrimonio da nosa emigración, asinaron un convenio de colaboración para a realización, entre outros proxectos, dun catálogo coas construcións escolares financiadas desde a emigración nas provincias de Lugo e de Ourense. Proxecto que tivo continuidade coa sinatura dun novo convenio entre ambas as institucións no ano 2009 co obxectivo de ampliálo ás escolas das provincias da Coruña e Pontevedra.



Alumnos da escola «La Antorcha» de Cristiñade, en Pontearreas, no día da Festa da Raza, 1922

Con este proxecto, baixo a dirección científica do profesor Vicente Peña Saavedra e a coordinación técnica de M.<sup>a</sup> Teresa García Domínguez, inventariouse o patrimonio arquitectónico escolar de Galicia. No traballo diario colaboraron o equipo técnico do Arquivo da Emigración Galega e as bolseiras de investigación Rocío Botana Iglesias e Margarita Figueiras Nodar. As fichas descritivas dos edificios escolares censados, realizadas pola empresa de historia, céntranse nos aspectos máis salientables: a localización xeográfica, o estado de conservación, a descrición arquitectónica, os servizos educativos que posuían, etc., ao mesmo tempo que se procura recuperar a documentación histórica relacionada coas escolas (programas docentes, rexistros escolares, expedientes de construción...), isto todo complementado cun ilustrativo álbum fotográfico e iconográfico.

Así mesmo, seguindo criterios de representatividade e polo seu particular valor histórico e arquitectónico, fíxose unha escolma de escolas para elaborar unhas fichas técnicas con criterios arquitectónicos e mais as planimetrías dos edificios. Este traballo realizárono as arquitectas Luz Paz Agradas, Marta Marcos Maroño e Almudena Sánchez.

Desde o CCG, Manuel Gago, coa colaboración dos bolseiros Lucía Rilo e Luís Miguel Alonso Estévez, encargouse da coordinación e do deseño da aplicación web, que desenvolveu a empresa Sixtema.



Debuxo dun alumno da escola Ramón González Vigide, construída pola sociedade Unión del Partido de Lalín en Buenos Aires, 1929

Este proxecto tivo un precedente, iniciado en 1998, e dirixido por Vicente Peña, cando se deron os primeiros pasos na busca, identificación, clasificación, análise e recuperación documental das achegas escolares feitas polos emigrantes nos concellos de Pontevedra; daquela ficou sen rematar. O traballo de recollida de información de campo realizáranos os bolseiros de investigación Jesús Blanco Rosas e Moisés Janeiro Novo.

Ofrécese unha primeira fase coas escolas de emigrantes que se conservan nas provincias de Lugo e Ourense, que vai ir acrecentándose ata dar a coñecer todas os centros docentes financiados pola nosa emigración que se conservan en Galicia. Os resultados vanse difundir a través das páxinas web do Consello da Cultura Galega e da Secretaría Xeral de Emigración, para que poidan chegar ao maior número posible de galegos e galegas, de aquí e de acolá.

O Arquivo da Emigración Galega conta actualmente nos seus fondos cun extenso inventario das «escolas de americanos», así como das fundacións docentes creadas con capital indiano e doutras construcións públicas promovidas desde a emigración que formará parte dunha exposición baixo o título "Luces de alén mar", comisariada por Vicente Peña e que percorrerá todos os concellos de Galicia.

Queremos deixar constancia do agradecemento a todas as persoas implicadas neste proxecto pola axuda prestada nos concellos visitados, nas asociacións de veciños, historiadores locais e veciños das parroquias que nos atenderon e informaron, e grazas aos cales este traballo chegou a bo porto. Desexamos facer unha especial mención ás persoas e institucións que, de forma anónima moitas veces ao longo de todos estes anos, conseguiron que este legado cultural dos emigrantes se conserva na Galicia actual.

## **O equipo de investigación**

*Contacte cos membros do proxecto*

### **COMISIÓN TÉCNICA DO ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA**

Ramón Villares (director)  
Xosé Luís Axeitos Agrelo  
Pilar Cagiao Vila  
Francisco Durán Villa  
Marcelino Fernández Santiago  
Antonio Izquierdo Escribano  
Xosé Manoel Núñez Seixas  
Vicente Peña Saavedra

### **DIRECTOR CIENTÍFICO DO PROXECTO**

Vicente Peña Saavedra

### **EQUIPO INVESTIGADOR**

M.<sup>a</sup> Teresa García Domínguez (coordinación técnica)  
Carolina García Borrazás  
Emilia García López